



## O embaixador de Cuba en España visita o Parlamento de Galicia

**Santiago, 6 de novembro de 2013.-** O novo embaixador de Cuba en España, Eugenio Martínez Enríquez, reuniuse hoxe coa presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo.

Durante a entrevista, Pilar Rojo interesouse sobre a situación da colonia galega asentada na illa e sobre as relacións entre Cuba e Galicia.

No encontro participaron tamén o cónsul de Cuba en Galicia, José Antonio Solana, e mailo secretario xeral de Emigración da Xunta, Antonio Rodríguez Miranda.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.